

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A COOPERATIVA DE ARMADORES DE PESCA DE VIGO (ARVI)

En Santiago de Compostela, o día 22 de marzo de 2016, na sede da Consellería do Mar,

REUNIDOS

Dunha parte, D. Juan Carlos Maneiro Cadillo, en calidade de director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, actuando en nome e representación da Consellería do Mar, por delegación da conselleira, en virtude das facultades delegadas que lle confire a Orde de 30 de marzo de 2012, da mesma consellería, publicada no DOG nº 70, do 12 de abril, e de conformidade co Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e da Orde do 9 de outubro de 2015 pola que se determina a adscrición dos órganos da extinta Secretaría Xeral do Mar á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

E doutra, con DNI, director xerente da Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI), con sede en Porto Pesqueiro, edif. 36202 Vigo (Pontevedra), inscrita no Rexistro Especial de Cooperativas por Resolución da Dirección Xeral de Promoción Social con data 7 de abril de 1.965, co nº 12.267, actuando na súa representación, de conformidade co disposto na escritura de poder de data quince de febreiro de dous mil tres ante o Notario de Vigo, D. con número de protocolo douscentos cincuenta e seis,

EXPOÑEN

PRIMEIRO:

Que as administracións públicas poden asinar convenios de colaboración con entidades pertencentes ao sector privado, segundo dispón o artigo 4.1.d) do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, sempre que o seu obxecto non estea comprendido na dita lei ou en normas administrativas especiais.

SEGUNDO:

Que o Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á transformación e á conservación dos produtos pesqueiros e a promoción das estruturas de comercialización mediante o apoio aos sectores produtivos na distribución dos produtos do mar.

Neste sentido a Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

TERCEIRO:

Que a Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI) é unha institución que representa a todos os segmentos da flota e que exerce a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia. A Cooperativa de Armadores de Vigo e as asociacións que a integran constitúen o grupo de armadores de buques pesqueiros máis importante de España e un dos máis importantes da U.E. Desenvolve para o sector actividades de formación, prevención de riscos laborais e promoción da investigación, desenvolvemento e innovación, entre outras, e ten, entre os seus fins, a promoción de especies (promover o valor engadido e a calidade das especies pesqueiras) e prospección de novos mercados para a introdución de novas especies. Neste liña de actuacións está a organización da "III Conferencia Internacional ARVI sobre el futuro de la pesca".

Sendo a única asociación do sector da pesca, capacitada para executar o investimento inmaterial obxecto deste convenio de colaboración, polo que non sería posible promover a concorrencia competitiva con outras asociacións do sector.

Que por canto a Consellería do Mar e a Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI) están interesados na potenciación dos produtos da pesca en Galicia así como na mellora da situación socioeconómica das xentes que viven desta actividade, polo que cómpre establecer as condicións que permitan a coordinación de accións de promoción das especies e prospección de novos mercados.



No marco do presente convenio desenvolveranse diversas accións de promoción do sector e mellora da comercialización coa organización da "III Conferencia Internacional ARVI sobre el futuro de la pesca", a celebrar do 14 ao 17 de xuño de 2016 en Vigo.

CUARTO:

Que as partes anteriormente referenciadas consideran de mutuo interese a realización da "III Conferencia Internacional ARVI sobre el futuro de la pesca" e que esta actividade redundará nunha mellora do sector pesqueiro.

QUINTO:

Que para o desenvolvemento das actividades que se indican máis adiante, as partes, de forma conxunta, dispoñen de medios humanos e materiais suficientes.

Na súa virtude, e dada a existencia dun interese coincidente, ambas partes acordan formalizar o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO.

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e a Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI) para a realización de diversas accións de promoción do sector e mellora da comercialización coa organización da "III Conferencia Internacional ARVI sobre el futuro de la pesca". As accións específicas que se van realizar derivadas deste obxecto son as que seguen:

- Acción de promoción dos produtos galegos do mar, especialmente dos produtos de calidade diferenciada e de marcas de calidade dentro das comidas do Congreso e das degustacións para a promoción do evento.
- Promover a asistencia dos principais distribuidores de peixe de España, dado que o sector da distribución é o principal motor de atracción do resto de empresas da cadea de subministracións.
- Apoio á organización do evento (que inclúe gastos de persoal, sede, medios audiovisuais, servizos de azafatas, edición de programas, intérprete, etc...).

- Apoio á calidade dos contidos do Congreso a través da programación de poñentes de recoñecido prestixio.
- Busca de fórmulas que fagan compatible a protección dos fondos mariños coa necesidade humana de obter alimentos, argumento central da “Asamblea General Anual de la Asociación Europea de Organizaciones de Productores (AEOP)” que se enmarcará dentro desta III Conferencia Internacional, contribuíndo ao debate internacional sobre as necesidades de protección dos fondos mariños e a xestión de especies pesqueiras de ecosistemas demersales e bentónicos.

SEGUNDA.- CONDICIÓN ECONÓMICAS.

A Consellería do Mar contribuirá á realización das accións comprendidas no obxecto do presente convenio cunha achega económica, que ten como finalidade compensar á Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI) polos gastos nos que incorre como consecuencia de levar a cabo as actuacións obxecto do convenio, cifradas na cantidade de CINCUENTA E DOUS MIL NOVECIENTOS UN EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS (52.901,85 €), con cargo á aplicación orzamentaria 2016.14.02.723B.640.0, código de proxecto 2016 00286S, dos presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2016, sendo esta partida económica axeitada para asumir o custo desta acción por considerarse pola súa propia natureza como un activo configurado como un investimento de carácter intanxible que deberá incrementar o valor das políticas públicas acometidas pola Consellería do Mar neste ámbito e que non dará lugar a investimentos reais de carácter material.

As actuacións recollidas no presente convenio son financiáveis, nun 75 %, co Fondo Europeo Marítimo da Pesca (FEMP). Faise constar tamén a elixibilidade da actuación que se pretende a través da contratación que se propón no marco da Prioridade da Unión, Obxectivo e Medida do FEMP: 5.1.3: Medidas de comercialización, prevista no artigo 68 do Regulamento (UE) 508/2014, do 15 de maio. Esta participación farase constar en todas cantas actuacións se realicen ao abeiro deste convenio.

A Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI) empregará a totalidade da achega económica desta cláusula nas accións derivadas do obxecto deste convenio, non obtendo ningún beneficio económico desta consignación orzamentaria.

Farase un único pago contra da presentación das facturas polos investimentos inmateriais realizados, aos que se xuntarán certificacións actualizadas expedidas por cadansúa administración que acrediten que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, así como que non ten débedas pendentes contraídas coa Administración da Xunta de Galicia. As facturas deberán ser conformadas pola Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica para estes efectos.

Para facer efectivo o último pagamento presentarán a memoria á que se fai referencia na cláusula terceira seguinte.

TERCEIRA.- OBRIGAS

A Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI) obrígase a realizar as accións especificadas na cláusula primeira do presente convenio.

No marco do presente convenio, a Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI) obrígase a facer constar a participación da Consellería do Mar nas exhibicións publicitarias que teñan lugar no marco deste convenio.

Finalmente presentará diante da Consellería do Mar unha memoria descritiva da realización do obxecto do convenio.

CUARTA.- RÉXIME DE PERSOAL

A realización das actuacións previstas neste convenio non levará consigo ningún tipo de relación de carácter laboral entre a Consellería do Mar e as persoas que interveñan ou puideran intervir na súa execución, sendo a Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI) responsable das obrigas sociais e laborais que se puideran derivar da contratación, pola mesma, do referido persoal.

QUINTA.- SEGUIMIENTO.

Aos efectos de coidar do cumprimento de estipulado no presente convenio créase unha Comisión de Seguimento do mesmo, que estará composta polo director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, en representación da Consellería do Mar, , director xerente da Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI). A dita comisión, que se xuntará a petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para garantir a efectividade do convenio.

Neste senso, a Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI) atenderá ás indicacións, suxestións e requirimentos que se lle formulen desde a Consellería do Mar en relación co obxecto do presente convenio.

SEXTA.- VIXENCIA.

A vixencia do presente convenio estenderase desde a súa sinatura e ata 31 de outubro de 2016, non sendo susceptible de prórroga.

SÉTIMA- RESOLUCIÓN.

Serán causa de resolución do convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento das cláusulas contidas no mesmo.

OITAVA.- CARACTER DO CONVENIO

Este convenio ten a natureza dos previstos no artigo 4.1.d do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público e o seu réxime xurídico virá determinado polas estipulacións previstas no propio convenio e os principios xerais resultantes da citada Lei.

NOVENA.- LITIXIOS.

As cuestións controvertidas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puideran derivarse da aplicación do presente convenio deberán ser solucionadas pola Comisión de Seguimento á que se refire a cláusula quinta anterior. Se non se puidera alcanzar dito acordo, as posibles cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso -administrativa.

Pola Consellería do Mar

A Conselleira

PD: Orde 30/03/2012, DOG. n.º 70,
do 12/04/2012; DA 6ª, Decreto 129/15,
do 08/10/2015)

O director xeral de Pesca, Acuicultura
e Innovación Tecnolóxica

Pola Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI)

O director xerente

Juan Carlos Maneiro Cadillo